

28, 29 e 30 de xuño

## UPSTREAM COLOR



**Dirección:** Shane Carruth

**Intérpretes:** Amy Seimetz e Shane Carruth

EE.UU. 2013 - 96 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

\* FESTIVAL DE SUNDANCE 2013: PREMIO ESPECIAL DO XURADO (MELLOR DESEÑO DE SON)  
\* FESTIVAL DE SITGES 2013: MELLOR DIRECTOR NOVEL  
\* PREMIOS GOTHAM 2013: NOMEADA A MELLOR PELÍCULA E MELLOR ACTRIZ (AMY SEIMETZ)  
\* PREMIOS INDEPENDENT SPIRIT 2013: NOMEADA A MELLOR DIRECTOR E MONTAXE  
\* ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DE CHICAGO 2013: NOMEADA A MELLOR MONTAXE

*Kris é atacada unha noite por un ladrón que lle anula a personalidade mediante un verme con estrañas propiedades. A moza segue todas as instrucións que o ladrón lle dá. Tras a extracción das hipnóticas larvas, Kris esperta e atopa a súa vida totalmente destruída. Perdeu o seu traballo e está arruinada. Un tempo despois coñece a Jeff, un home con quen conecta ata un nivel metafísico. Os dous axudaranse mutuamente para deixar atrás as súas peores experiencias.*

**HORARIOS:** xoves 20.15 h; venres 20.15 h e sábado ás 17.15 e 20.15 h

\* Pídese puntualidade, unha vez comezada a proxección non se permitirá o acceso á sala.

**ENTRADAS: 3,00 €**

(Carné xove, +65 anos, ou persoas desempregadas: 2,00 €)

\* Imprescindible achegar o documento que acredite o desconto no momento de comprar a entrada

**SESIÓNS DO ESPECTADOR:** sábados 17.15 h

**PREZO ÚNICO:** 1,50 €

**ABONO 5 PELÍCULAS:** 12,00 €

**VENDA NO DESPACHO DE BILLETES:** media hora antes de cada función (só se quedan entradas dispoñibles)

**VENDA ANTICIPADA:** na conserxaría, de luns a venres de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h; sábados de 10.00 a 13.00 h


# FORUM METROPOLITANO

SALA MARILYN MONROE

CINE E CIENCIA

31 de maio, 1 e 2 de xuño

## CITIZENFOUR



**Dirección:** Laura Poitras

**Con:** Edward Snowden e Jacob Appelbaum

Alemaña, 2014 - 114 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 7 ANOS

\* PREMIOS OSCAR 2014: MELLOR LONGAMETRAXE DOCUMENTAL  
\* PREMIOS BAFTA 2014: MELLOR DOCUMENTAL  
\* CÍRCULO DE CRÍTICOS DE NOVA YORK 2014: MELLOR DOCUMENTAL  
\* CRÍTICOS DOS ANXELOS 2014: MELLOR DOCUMENTAL  
\* PREMIOS GOTHAM 2014: MELLOR LONGAMETRAXE DOCUMENTAL  
\* PREMIOS INDEPENDENT SPIRIT 2014: MELLOR LONGAMETRAXE DOCUMENTAL  
\* SATELLITE AWARDS: MELLOR DOCUMENTAL  
\* SINDICATO DE DIRECTORES (DGA) 2014: MELLOR DIRECTOR / DOCUMENTAL  
\* PREMIOS DO CINE ALEMÁN 2014: LOLA MELLOR DOCUMENTAL  
\* ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DE CHICAGO 2014: NOMEADA A MELLOR DOCUMENTAL

*'Citizenfour' é unha película excepcional sobre a preparación estratéxica e a execución dun gran golpe. Un gran golpe mediático, político e social que non é outro que o da revelación de Edward Snowden, antigo empregado da CIA e da NSA, das altamente cuestionables prácticas de vixilancia masiva do goberno de Estados Unidos.*

*O feito de que esta longametraxe non sexa unha ficción, senón un documental realizado a tempo real durante o pre, o durante e o post do caso de whistleblow máis soado da nosa historia recente, activa a conciencia de todas as persoas implicadas nesta película, gañadora do Óscar: a relevancia de que o que ía suceder diante das cámaras empúxaos a intentar que o "como" estea á altura do "que": a factura e a tensión narrativa do documental é a dun sofisticado thriller de espionaxe internacional. O filme, ademais, intégrase na triloxía de películas post 11-S de Laura Poitras porque o propio Snowden o quixo así; el mesmo a elixiu e contactou con ela para o traballo porque... xa sabía que estaba a ser vixiada.*

POR JOAN PONS (FOTOGRAMAS \*\*\*\*)



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



CORUÑA  
>PRÓXIMA

**7, 8 e 9 de xuño**

## **120 BEATS PER MINUTE** (120 PULSACIÓNS POR MINUTO)



**Dirección:** Robin Campillo

**Intérpretes:** Nahuel Pérez Biscayart e Adèle Haenel  
Francia, 2017 - 143 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 16 ANOS

\* FESTIVAL DE CANNES 2017: GRAN PREMIO DO XURADO, PREMIO FIPRESCI

\* CÍRCULO DE CRÍTICOS DE NOVA YORK 2017: MELLOR FILME ESTRANXEIRO

\* CRÍTICOS DE LOS ANXELES 2017: MELLOR FILME ESTRANXEIRO

*Comezos dos anos 90. Mentres que a SIDA leva case dez anos matando, os militantes de Act Up-Paris multiplican as accións para loitar contra a indiferenza xeral. Recentemente chegado ao grupo, Nathan quedará conmocionado pola radicalidade de Sean, que consome as súas últimas forzas na acción.*

*É fácil detectar, nas numerosas escenas asemblearias de '120 pulsacións por minuto', que Robin Campillo foi cómplice de Laurent Cantet en 'A clase' (2008). Na calor do debate do activismo da loita contra a sida a principios dos 90, eses momentos poderían cheirar a verdade improvisada, coas súas frases pisadas a medio cocer e as súas posicións encontradas, se a redundancia non estivese a piques de esgotalas, de revelar a súa dimensión formularia. Son necesarias, na medida en que ilustran as contradicións dun berro colectivo, pero se cadra nótase en exceso que Campillo utilízalas para compensar a balanza de pagos dun relato que oscila entre o macro e o micro con forza desigual.*

*Onde a película triunfa sen ambaxes é no reino do íntimo, na historia de amor entre un enfermo de sida e un mozo atemorizado polo virus. Nela, e nas parénteses hedonistas nunha pista de baile onde o desexo non entende de sistemas inmunitarios, líbrase a verdadeira batalla da película, libre de didactismos, abrazada á vida que pende dun fío. Non é ningunha ganga, pero nalgúns países é aínda menos ganga que noutros.*

POR SERGI SÁNCHEZ (FOTOGRAMAS \*\*\*)

**14, 15 e 16 de xuño**

## **OPERATION AVALANCHE** (OPERACIÓN AVALANCHA)



**Dirección:** Matt Johnson

**Intérpretes:** Matt Johnson e Sharon Belle  
EE.UU. 2016 - 93 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

\*FESTIVAL DE SITGES 2016: SECCIÓN OFICIAL LONGAMETRAXES

*Estamos en 1967, e a Guerra Fría está quente, quente, coa carreira espacial como punta de lanza. A CIA cre que un espía ruso infiltrouse na NASA para sabotar o programa Apolo, e teñen a "brillante" idea de mandar uns axentes do departamento de audiovisual para que se fagan pasar por documentalistas e desenmascaren a toupa. O que descubrirán, aínda será algo moito peor.*

**21, 22 e 23 de xuño**

## **COHERENCE**



**Dirección:** James Ward Byrkit

**Intérpretes:** Emily Baldoni e Maury Sterling  
EE.UU. 2013 - 87 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

\* FESTIVAL DE SITGES 2013: MELLOR GUIÓN

\* PREMIOS GOTHAM 2014: NOMEADA A MELLOR DIRECTOR

*En Finlandia, en 1923, o paso dun cometa fixo que os habitantes dun pobo quedasen completamente desorientados; incluso unha muller chegou a chamar a policía denunciando que o home que estaba na súa casa non era o seu marido.*

*Décadas máis tarde, un grupo de amigos lembra este caso mentres cean, brindan e prepáranse para ver pasar un cometa...*